



PROXECTO
EDUCATIVO DE
CENTRO
2018/2019

ÍNDICE

ÍNDICE	1
Capítulo I: ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO	3
Datos do centro	3
Entidade	3
Alumnado 2018:	3
Profesorado 2018:	3
Espazos interiores:	4
Espazos exteriores:	4
O IES de Porto do Son	4
Características do contorno social, cultural e económico no que está situado o centro. (Artº 121 LOE)	5
Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos do centro.	6
Institucións, organismos ou entidades	6
Centros adscritos	7
Características e necesidades específicas do alumnado do centro	7
Capítulo II: PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE	10
Valores e principios	10
Obxectivos	12
Prioridades	12
Identidade	14
Oferta educativa	14
Servizos complementarios.	14
Actividades complementarias e extraescolares.	14
Atención á diversidade	15
Biblioteca escolar	16
Innovación	16
Capítulo III: CONCRECIÓN CURRICULAR	17
Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural da zona e ás características do alumnado	17
Metodoloxía	19
2.1. Opcións metodolóxicas	20
2.2. Resposta á diversidade do alumnado	23
2.3. Orientación e titoría	23
2.4. Planificación lingüística do centro	24
2.5. Formación e innovación	24

Competencias clave ESO	25
Educación en valores	26
Acreditación de coñecementos previos e detección de necesidades	27
Criterios avaliación, promoción e titulación	27
Avaliación	27
Promoción e titulación	29
Alumnos con materias pendentes de 1º, 2º e 3º ESO.	31
Criterios para adxudicar matrículas de honra	32
Protocolo de adxudicación da Matrícula de Honra:	32
Matrícula de Honra na ESO	33
Matrícula de Honra en Bacharelato	33
Matrícula de honra en Ciclo Formativo.	34
Criterios comúns para as programacións	34
Capítulo IV: CONCRECIÓNS ORGANIZATIVAS	37
Plan de convivencia	37
Normas de organización e funcionamento	37
Capítulo V: Xestión económica	37
Proxecto de xestión	37
Capítulo VI: ANEXOS	37
Proxecto lingüístico (plurilingüismo). (Artº 14 do D. 79/2010) que inclúa o “Currículo Integrado” das linguas)	37
Programa de Biblioteca e promoción da lectura, escritura e tratamento da información. (Artº 38 D.86/2015- LOMCE)	37
Proxecto de E. Dixital (Artº 39 D.86/2015- LOMCE)	37
Proxecto de promoción de estilos de vida saudables (Artº 40 D.86/2015- LOMCE)	37
Plan xeral de atención á diversidade (Artº 11, 2 do D. 229/2011) que debe incluír o Plan específico para o alumnado repetidor	37
Plan de orientación (D. 120/98)	37
Plan de acción tutorial que debe fixar os compromisos educativos entre a familia e o centro. (D. 120/98)	37
Dilixencia:	38

[DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

Artigo 5. Autonomía dos centros docentes

1. Os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.
2. Os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
3. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que lle corresponda fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas materias da educación en valores e outras ensinanzas.

Capítulo I: ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO

Datos do centro

Entidade

- Nome: IES de Porto do Son - Código: 15027691
- Enderezo Postal: As Laxes, 18, Porto do Son 15970, A Coruña
- Tf: 881866707 Fax: 881866709
- E-mail: ies.porto.son@edu.xunta.es
- Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/>

Alumnado 2018:

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH	C.F. 1º	C.F. 2º	TOTAL
80	64	83	66	43	41	22	10	409

Profesorado 2018:

(49: cupo 2018) <<<<< 52 dos cales>> (2: desprazados) (1: en Servizos especiais)

1: de Relixión Católica	1: Orientadora 2: PT 1:AL	1: mestra adscrita	1: técnico CF (interino)	42: PES
----------------------------	---------------------------------	--------------------------	-----------------------------	---------

Espazos interiores:

<p>1 biblioteca.</p> <p>1 salón de actos, (90 prazas).</p> <p>1 sala actuacións A Persevera (20 prazas).</p> <p>2 talleres de Tecnoloxía (capacidade 24 alumnos).</p> <p>3 laboratorios, Física, Química e Bioloxía (capacidade 20 alumnos).</p> <p>1 aula de Debuxo.(Capacidade 19 alumnos)</p> <p>1 aula de Música.</p> <p>1 aula de Ciclo Medio de F.P.</p> <p>1 aula Específica.</p> <p>1 aula Reforzos de Pedagogía Terapéutica.</p> <p>1 aula de xogos educativos</p> <p>4 aulas de Bacharelato.</p> <p>13 aulas de ESO.</p> <p>8 aulas (4 normais, 4 pequenas) para Desdobres.</p>	<p>2 aulas de Informática.</p> <p>1 aula de convivencia.</p> <p>1 despacho de Orientación.</p> <p>2 aulas pequenas para espazos de reunión</p> <p>1 sala de visita de pais</p> <p>5 despachos de administración.</p> <p>2 aulas de almacén.</p> <p>Vestuarios, ximnasio, e almacéns do ciclo.</p> <p>2 servicios adaptados.</p> <p>1 sala de profesores.</p> <p>Conserxería.</p> <p>Cafetería.</p> <p>4 espazos para caldeira; grupo electrógeno; depósito de gasoil; depósito de auga.</p>
---	---

Espazos exteriores:

<p>Explanada aparcamento.</p> <p>Patio de acceso, en cemento.</p>	<p>Cancha deportiva aberta. Patio de recreo, en terra.</p> <p>Vestuarios e Polideportivo.</p>
---	---


O IES de Porto do Son

No lugar das Laxes, ou Fraga de Novio, arredado uns dous mil metros da capital do concello, preto da praia de Cabeiro, érguese sobre un terreo costento e penedoso, exposto ao solpor atlántico e ao nordés, o IES de Porto do Son.

Botou a andar no curso 1995/1996 e, nuns catro anos, uns 600 alumnos e alumnas ocuparon todos os seus espazos. Aínda que a diversidade curricular era menor, o IES perdeu daquela os despachos previstos para Departamentos e transformounos en aulas; co tempo, a comunidade escolar afíxose a esa carencia; que se perpetúa a día de hoxe.

Desde o curso 2010, o instituto cifra a súa matrícula en 400 alumnos/as, arriba ou abaixo; e nesta situación seguirá, segundo as previsións, durante 3 cursos á espera dos efectos da crise

Matrícula



económica na natalidade. Advertir que, se ben o alumnado é estable, de 6 anos para aquí o profesorado mingou nun 20%. A relación entre as dúas variables pode verse nesta gráfica.



O IES conta cun ciclo formativo de grado medio “Actividades físico-deportivas no medio natural”, que acredita a técnicos para guía de grupos a pé, en bicicleta ou a cabalo en rutas ata media montaña. O alumnado do ciclo é na súa maioría maior de idade. Cobre prazas todos os cursos. Participa en moitas actividades do IES. Son moi importantes as sinerxias que se crean entre as actividades do alumnado do ciclo e o de ESO na guía de rutas educativas. É importante subliñar a relación que o ciclo tece entre o IES e o seu territorio xeográfico e sociocultural.

É un centro cunha conflictividade baixa, cultural e lingüisticamente máis uniforme que diverso. O ambiente de traballo é bo, a comunicación entre alumnado e profesorado é fluída, e os resultados académicos mellorables. Ten destacado, tanto por iniciativas individuais como por proxectos de centro, na innovación educativa, polo que lle foron concedidos diversos premios. Actualmente tenta aproximarse a aprendizaxe baseada en proxectos ABP no 1º ciclo da ESO, en ámbitos limitados do currículo, e participa nas diversas convocatorias da Consellería: Plan Proxecta; Contratos Programa; PLANBE, ESPAZO MAKER, RADIO NA BIBLIOTECA, etc.

Características do contorno social, cultural e económico no que está situado o centro. (Artº 121 LOE)

[Instituto galego de estatística](#)

[Datos das FICHAS COMARCAIS DO MERCADO LABORAL GALEGO](#)

Non alegra a vida analizar o perfil socio-laboral do Concello de Porto do Son (9.271 habitantes, media de idade 44,70 anos, datos 2018).

O concello perde poboación cada ano: saldo vexetativo e migratorio negativos. A taxa de paro é, no verán, dun 19%, e no emprego predomina o sector servizos, que triplica

calquera dos demais sectores (primario ou secundario). Só dúas empresas no concello ocupan de 50 e 100 operarios; o IES viría ser unha das tres maiores. Apenas hai poboación estranxeira (1,3%), de aí que factores moi relevantes noutros IES como a interculturalidade sexan case irrelevantes.

Na comarca, a temporalidade, precariedade e baixa cualificación debuxan o perfil laboral. Os meses de verán duplican a contratación dos meses de inverno; a contratación indefinida é, para as mulleres do 10,7%; e para os homes de 18,6%. Dito doutra maneira, a contratación a tempo parcial ou temporal é aproximadamente dun 80%. A maior demanda laboral é a de persoal de limpeza, dependentes, fábricas de conserva, peóns... Apenas ningunha demanda laboral supón unha formación máis alá do certificado de escolaridade, ou ESO. O perfil máis demandado é: varón, entre 26-34; certificado de escolaridade; traballo temporal; camareiro asalariado. O perfil demandante máis numeroso é: muller; de 36 a 45; certificado de escolaridade; demandante máis de dous anos; procedente da industria da conserva; busca traballo de limpadora.

As nais e pais do noso alumnado sitúanse maioritariamente entre os 40-50 anos de idade. Apenas un 2% exerce profesións liberais. Un 16% recoñece ter usado o castelán como lingua de instalación familiar, fronte a un 57% o galego. Curiosamente, un 57% vive en pequenos núcleos rurais. O 65% ten estudos básicos ou ningún; o 12 % universitarios. O uso exclusivo do galego sitúase no 50% fronte a un uso exclusivo do castelán do 10%. A actitude ante o idioma galego é positiva en todos os parámetros. Se tomamos os índices de lectura como un marcador cultural a situación é preocupante: só un 10% recoñece facer uso da biblioteca pública. Un 70% afirma que nunca vai á biblioteca. Apenas se adquiren libros. E a intervención en actos culturais é esporádica e azarosa; non responde a un patrón de atención cultural. A lectura ten unha función instrumental: traballo ou comunicación social; e raramente formativa ou estética. Un 7% non ten acceso a web, e o uso da web é maioritariamente distractivo, vía smartphones; a conectividade, ancho de banda, é baixa. Para rematar, hai que lembrar a escasísima participación dos pais e das nais na vida do IES, evidente na pobre asistencia a votacións do Consello Escolar.

Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos do centro.

Institucións, organismos ou entidades

O IES mantén unha boa relación co Concello e as institucións dependentes da Xunta de Galicia ou do Estado, e polas dúas partes téntase manter uns contactos fluídos e produtivos.

A relación con sociedades culturais é escasa. O mesmo se pode dicir das entidades económicas ou institucionais. Se ben, sobre isto hai que matizar que o tecido social do Concello do Son é escaso e segue as súas propias inercias. O IES non se percibe como un factor a ter en conta nas súas planificacións. Son esporádicas as iniciativas das asociacións ou institucións que contan co IES. No sentido inverso, hai resistencias a pensar nunha posible colaboración, máis froito da inercia das cousas que dunha predisposición negativa.

Por outra parte, hai entidades necesarias que simplemente non existen: p.e. unha asociación de antigos alumnos; o que contrasta coa boa predisposición destes a colaborar individualmente cando son requiridos.

En resumo, a falla de tecido social e asociacionismo repercute no propio IES coa escasa participación das nais e pais; tendencia á inacción que se proxecta no propio alumnado, renuente a tomar a iniciativa na proposta de actividades, na participación nos órganos de goberno ou na sindicación do estudantado.

Centros adscritos

Á situación antes descrita non son alleos os centros educativos adscritos ao IES. É necesario estruturar unha mellor comunicación, e é importante que consolidemos as colaboracións xa existentes (propostas de lectura, festas da lectura, contadas) e traballemos en proxectos conxuntos, e permanentes no tempo.

■	15013928	CEIP de Sobrado-Nebra	981767148
■	15013898	CEIP de Campanario-Baroña	881866297
■	15025542	CEIP Xuño	881866301
■	15025062	CEIP de Portosín	881866313
■	15013977	CEIP Santa Irene	881866854

Características e necesidades específicas do alumnado do centro

Aínda que non se recoñecen necesitados, algúns dos nosos alumnos viven apenas co necesario. Certa porcentaxe, entre o 3% e 7 %, non dispón de ordenador ou conexión web, e esta, ben lonxe dos estándares urbanos en banda ancha. Polo contrario, certa



cultura tradicional ligada ás

comunidades rurais e mariñeiras perdura neles; esa autenticidade é un dos seus grandes valores colectivos; e o seu núcleo de resistencia económica. Non por iso son alleos á cultura xuvenil urbana que lles chega filtrada polas canles e redes sociais á moda: instagram, youtubers, facebook, whatsapp, que veñen sendo os seus verdadeiros educadores xeracionais: aqueles aos que “*seguen*” (verbo nada inocente, neste contexto).

Somos o único IES do Concello; os rapaces do Son (e unha pequena parte da parroquia de Camboño, pertencente a Lousame), **teñen** que asistir ás nosas aulas. A dispersión da poboación ao longo da liña de costa (57% viven en pequenos núcleos rurais), impide a formación de comunidades amplas. Porén, pola mesma razón, posibilita unha identificación moi intensa dos alumnos coas súas **pequenas comunidades** rurais e vilegas. Ese sentido de pertenza perdura no propio IES, e debe ser posto en valor.

No ámbito sociolingüístico reproducense os esquemas familiares: uso maioritario do galego e boa predisposición ao seu uso escolar. No ámbito cultural hai unha dificultade evidente no acceso a bens culturais, e certa falta de hábito no uso dos existentes. Sería acertado dicir que a unha sociedade con usos culturais moi ligados á tradición do lugar se superpón a omnipresenza da web, vía móbil especialmente, e das súas modas globalizadas, que veñen ser o seu verdadeiro formador xeracional; e fonte ou potenciador habitual de conflitos. Entre os dous extremos sobreviven as agrupacións musicais, culturais e deportivas e as estruturas do estado.

Habería que sinalar a relación entre o alumnado que entra ao IES e o que remata BACH. O dato é relevante se pensamos que a posibilidade de formación profesional debe producirse necesariamente fóra do Concello. A escasa preparación solicitada nos empregos xerados no lugar non son precisamente un incentivo para o estudo. Co cal volvemos á mesma dualidade: o IES debe facilitar unha titulación básica en ESO



destinada a empregos de baixa cualificación (os realmente existentes no lugar), ao mesmo tempo que forma alumnado capaz de competir con éxito no ámbito universitario ou nas FPs de grado medio e superior. Nese sentido, observamos como o bacharelato científico tecnolóxico (competencias STEM) é maioritario ata o extremo de pór en perigo os bacharelatos orientados ás ciencias sociais ou as humanidades; o que non sería un problema maior nunha cidade convértese nun difícil dilema no noso contexto. Esta preferencia vén ligada inevitablemente ás perspectivas laborais que os medios debuxan. A palabra *saír* é esencial no vocabulario educativo de Porto do Son, e o noso IES é a única porta.

As necesidades formativas do noso alumnado teñen que ver coa falta de tradición académica no concello. Poucos, e desde hai pouco tempo, en termos xeracionais, foron os alumnos e as alumnas que remataron os estudos universitarios; e deses poucos, apenas ningún volveu para residir no concello. É evidente que isto afecta ao saber facer, o *como se fai* para estudar. Moitas nais e pais delegan esta función de acompañamento en academias, e iso no mellor dos casos. A falta de rutinas de estudo, a non valoración exemplar do saber, da cultura, da lectura, explican, en moitos casos, as carencias do alumnado. Non hai unha educación no exemplo, aínda que si a haxa nas boas intencións. Por outra banda, percíbese certo fatalismo ou pasividade difusa; a miúdo o estudo no IES vese como un trámite intermedio, entre a infancia e o mundo laboral: "*hai que sacar a ESO*"; como se o propio estudo, o enriquecemento cultural, a formación do carácter e a vontade durante a ESO, non fosen un fin en si mesmos. Esta etapa de transitoriedade fai que certa pasividade sexa unha característica do alumnado, que sofre o trámite do IES sen vivilo en presente. Que o IES sexa visto de xeito institucionalizado, alí onde obtés o título para seguir os estudos, fortalece o distanciamento adolescente; *non vai con eles*, podería dicirse en feliz e triste expresión. De aí á desvalorización dos contidos que se imparten, a desautorización dos docentes, a desconfianza do IES, hai un paso. Nesa desconfianza nacen todos os conflitos. Por outra parte, hai que dicir que esa desconfianza ou desleixo non é o habitual. En xeral o IES é ben valorado, e sobre esa percepción debe asentarse calquera proxecto de futuro.

De todo o cal derívase un corolario: a necesidade dun forte compromiso - implicación, acompañamento, etc - social do IES. Unha triste realidade faise evidente: instruímos para a emigración, os nosos alumnos de "éxito" deveñen, si ou si, emigrantes. De aí que o IES se sinta dun xeito ambivalente e moi emocional: por unha parte é unha esperanza: unha "saída"; por outra, é unha institución desconectada da realidade laboral e social do Concello, e de aí nace certo desinterese, certo afastamento.

Capítulo II: PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

1. Valores e principios

a. Competencia profesional docente.

É o noso deber como docentes deste IES ofrecer contidos e metodoloxías didácticas axeitadas; calidade e amplitude dos nosos coñecementos; unha aproximación racional e científica ao saber e unha avaliación formativa do proceso educativo. Apostamos por non acomodarnos no costume; por pescudar melloras nos nosos métodos e coñecementos; por atrevernos no ensaio de didácticas innovadoras.

b. Competencias clave.

Todo o alumnado debe acadar as competencias clave que lle abran portas a futuros traballos ou estudos. Nunca o termo medio destas competencias clave poderá limitar a ambición da excelencia. O fracaso educativo non é unha opción. Este principio leva consigo un especial coidado na atención, no coidado, á diversidade do noso alumnado. As competencias deben integrar os contidos canónicos e patrimoniais da nosa cultura, pois son eles o marco de referencia e o alicerce que sustenta toda innovación. Sen un coñecemento axeitado da tradición e os saberes do pasado son imposibles competencias non alienantes.

c. Inclusividade, equidade.

Queremos un centro educativo que teña como referente ético primordial o valor da dignidade humana, sen desprezos, abusos, mofas, humillacións nin autoritarismos. Un centro que acolla e coide de todas as persoas da comunidade escolar, sexa cal for a súa condición, e as axude a desenvolver as súas propias capacidades. Protexeremos a igualdade de oportunidades co apoio específico necesario, tanto na atención á diversidade do alumnado, como na facilitación de medios materiais, cando isto sexa posible.

d. Respeto. Convivencia.

Debe ser o eixo central da nosa conduta: respecto por un mesmo; respecto polos bens materiais que serven á comunidade escolar; respecto polo patrimonio cultural da comunidade, polas materias de estudo e os diversos saberes que transmitimos; respecto polo entorno natural; respecto polas persoas tanto o alumnado, como o profesorado, como o persoal non docente, como as familias. Somos persoas libres que medramos xuntos, que aprendemos xuntos dos erros e do traballo para ser soberanos, é dicir, autónomos e donos das nosas decisións. Queremos un centro que guíe todas as súas actuacións desde o respecto aos dereitos humanos e o principio de convivencia democrática.

e. Liberdade, responsabilidade e xustiza.

Queremos un centro que poña en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a igualdade e a xustiza. E nada de todo isto se conseguirá sen traballar nunha liberdade real; sen facernos responsables da xestión diaria das accións formativas; sen artellar redes de solidariedade; sen organizar grupos de promoción da igualdade; sen comprometer nos en comunidades de resolución de conflitos que induzan á responsabilización ante a comunidade e non á vixilancia do superior, que propoñan as accións correctivas xustas, enfiadas a educar e non a castigar.

f. Cidadanía. Participación.

Só teremos cidadáns se os nosos alumnos ensaian o exercicio da cidadanía, isto é: a crítica fundada; a responsabilidade compartida; o compromiso cun IES plural, que acolle a todas as persoas e fomenta a colaboración entre as familias, o alumnado e os profesionais, implicado coa contorna e o conxunto da sociedade.

g. Interculturalidade. Coeducación.

No noso IES hai alumnos de México, Perú, Marrocos, Madagascar... Consideramos a interculturalidade como un valor e como unha estratexia para coñecer, respectar e aprender a vivir con outras e noutras culturas. Queremos un centro que impulse as relacións igualitarias e que eduque no rexeitamento a toda forma de discriminación e violencia de xénero.

h. Normalización e plurilingüismo. Sentido de pertenza.

Un dos tesouros da nosa comunidade educativa é o uso normalizado do idioma galego. Debemos protexer esta singularidade desde unha posición intelixente, aberta ao mundo e ao uso instrumental de diversos idiomas. Ademais da sección bilingüe en inglés, no IES impártese francés e alemán. Os nosos alumnos e profesores, e a comunidade en xeral, debería saberse parte dun proxecto común.

i. Sostibilidade. Solidariedade. Emprendemento.

Debemos saber contestar esta pregunta: que imos facer sobre o cambio climático, a sostibilidade, o agromar de novos dereitos e deberes? Ou aprendemos a construír sociedades sostibles, ou todo estará ameazado. Debemos camiñar cara un centro educativo sostible, nun sentido aberto: non só a sostibilidade enerxética, senón a conciencia da nosa pegada ecolóxica; a saúde dos nosos corpos e da natureza, e do entorno emocional. Ou cambian as nosas vidas ou algo facemos mal no sistema educativo. Todos os rapaces soñan cos seus propios proxectos, ningún soña con ter un xefe. Como se potencia que o noso alumnado loite polos seus propios soños?

2. Obxectivos

EDUCATIVOS

1. Mellorar os resultados académicos e a formación en valores. Propiciar unha educación na asertividade, na tolerancia ao fracaso e na aprendizaxe e superación do erro. Propiciar un entorno educativo que evite ou mitigue o abandono e a soidade. Instruír ao alumnado nos instrumentos que promoven o diálogo, o entendemento e a colaboración. Evitar as condutas, comportamentos ou contextos que limiten as posibilidades de desenvolvemento do alumnado.
2. Impulsar unha acción tutorial práctica e planificada que implique e acompañe a toda a comunidade educativa, atalle condutas disruptivas e dea consello e apoio ao alumnado con dificultades.
3. Iniciar un necesario movemento de renovación de didácticas adaptado á nosa realidade próxima e á contextual: Europa.
4. Protexer un entorno emocional e educativo amigable, motivador, emprendedor, participativo, soberano, saudable e alegre.

XESTIÓN

1. Traballar na xestión diaria da coordinación entre os membros da comunidade; en todos os planos, internos e externos.
2. Configurar unha estrutura comunicativa fluída, transparente, proactiva e colaborativa que implique a todos e fortaleza o orgullo de pertencer a esta comunidade educativa.
3. Integrar no proxecto educativo (Comunidade de aprendizaxe), a ex-alumnos, ANPA, Concello e sociedade civil.
4. Estudo de optimización enerxética. Mantemento. Asentar bases estables de colaboración económica co entorno.

3. Prioridades

Referidas ao alumnado.

- Seguimento moi próximo do traballo do alumnado, cun elevado control do mesmo e coas tarefas para realizar claramente fixadas e planificadas. Este seguimento é realizado a través da titoría, en contacto estreito coas familias e mediante o plan de

acción tutorial, solicitando a súa participación na toma de decisións e compartindo información con respecto aos estudantes.

- Atención á diversidade (alumnado con NEE, inmigrante, de baixo rendemento...).
Eficiente xestión dos recursos internos: consolidar a aula específica, programas de reforzo e atención específica a estudantes de baixo rendemento (programa PROA, por exemplo, cando sexa posible), duplicación de docentes en determinadas aulas, etc.
- Detección precoz das dificultades do alumnado e intervención temperá sobre as mesmas.
- Atención especial á avaliación dos estudantes, mediante frecuentes avaliacións de carácter formativo e cunha definición clara, pública e colexiada dos contidos mínimos e criterios de avaliación.

Referidas ao profesorado.

- Un alto nivel de dedicación do profesorado, que nace dunha elevada implicación co centro e coa tarefa educativa (non só instrutiva) que o mesmo desenvolve.
- Compromiso e participación elevada nas actividades de formación e de mellora continua, actividades que son facilitadas e impulsadas polas direccións dos centros (escolas que aprenden).
- Participación en programas ou proxectos de calidade e innovación educativa.
- Boa atención e coidado ao profesorado do centro tanto na acollida como no desenvolvemento cotián das súas tarefas.
- Atención especial ao plan tutorial.

Referidas ao centro escolar (organización, xestión).

- Un clima escolar sen problemas serios que favorece (ou que non impide) o normal desenvolvemento da tarefa docente.
- Formación no ámbito da convivencia e a resolución de conflitos.
- Procurar unha visión e filosofía propia, claramente definida e compartida co claustro.
- Dinámica de traballo en equipo.
- Procurar a sistematización e planificación da xestión do centro e de coordinación tanto interna como externa.
- Avaliación dos proxectos, programas e actividades emprendidos polo centro.
- Altas expectativas con respecto ao alumnado e ao profesorado.

4. Identidade

a. Oferta educativa

Ofrece o IES estudos de ESO, Bacharelato e un ciclo formativo de grado medio:

Condución de actividades físico-deportiva no medio natural.

A planificación da proposta educativa fundaméntase nas circunstancias contextuais do IES, e segue os seguintes principios e criterios:

- Ofrecer a maior calidade educativa desde perspectivas pedagóxicas complementarias que incidan en dúas perspectivas:
 - acadar un bo nivel de instrución nos coñecementos canónicos e patrimoniais científicos, artísticos e humanísticos da comunidade propia en diálogo coa diversidade global.
 - formar ao alumnado na adquisición de competencias formativas que os preparen para os novos contextos: cambio climático; desigualdade social; cuarta revolución industrial; globalización; precariedade laboral; universalización de contextos informáticos; economía colaborativa; sentido de pertenza comunitaria; traballo en equipo; apertura a novos valores éticos.
- Detectar en tempo as orientacións persoais do alumnado de maneira que poidan acceder con éxito a ciclos formativos de grado medio, superior ou universitarios máis axeitados.
- Tentar ofrecer estudos de bacharelato en todas as súas vertentes (Bacharelato científico-tecnolóxico, bacharelato humanístico).

b. Servizos complementarios.

O IES pode ceder as súas instalacións a asociacións, ANPAS, colexios, etc, sempre cunha motivación educativa, contando coa aprobación do Consello Escolar e seguindo as instrucións recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento.

A Cafetería do IES é un espazo ao servizo do IES e polo mesmo deberá asumir os seus valores e principios. Rexerase polo contrato establecido coa Consellería.

c. Actividades complementarias e extraescolares.

Considéranse actividades complementarias as que o son das actividades docentes propiamente ditas; deben ir referidas a algún aspecto do currículo. Desenvolveranse dentro do horario lectivo, salvo en casos excepcionais, e serán obrigatorias para os profesores e alumnos para os que sexan programadas.

Enténdese por actividades extraescolares aquelas que se desenvolven fóra do horario lectivo, salvo en casos excepcionais, non sendo en ningún caso obrigatorias nin podendo constituír elemento de avaliación para os alumnos.

- Normas xerais
 - As actividades terán que estar contempladas na Programación Xeral Anual, excepto os casos seguintes:
 - As actividades relacionadas con acontecementos de carácter excepcional.
 - As que, pertencendo á programación dunha área ou materia, dependan do desenvolvemento da mesma.
 - As sobrevidas por algunha convocatoria puntual non prevista.
 - Promoverase que, nas actividades comúns a todo o Centro, participe a totalidade da comunidade educativa.
 - O Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, ou no seu lugar a coordinación do equipo directivo, recibirá información das actividades coa maior antelación posible, segundo se regula nas Normas de Organización e Funcionamento.
 - As actividades que non estean contempladas na PXA deberán contar coa aprobación do Consello Escolar ou, no seu caso no membro do equipo directivo en quen este delegue, ao que se presentará unha proposta da realización das actividades que conteña:
 - 1.- Obxectivos.
 - 2.- Oportunidade e conveniencia da actividade.
 - 3.- Data da actividade.
 - 4.- Alumnos aos que vai dirixida.
 - 5.- Outras consideracións como itinerario, orzamento, etc.
 - O equipo directivo do Centro coordinará xornadas culturais, sempre que profesores e alumnos as apoien e enchan de contido.
 - As actividades poderán ser subvencionadas polo Centro segundo os criterios que adopte o Consello Escolar.

d. Atención á diversidade

Artigo 17. Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e á organización flexible das ensinanzas.

2. Os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. As medidas de atención á

diversidade que adopte cada centro docente formarán parte do seu proxecto educativo, de conformidade co que establece o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A atención á diversidade do alumnado é prioritaria no actual contexto educativo, dentro da escola pública. As accións concretas que en cada curso se desenvolvan serán establecidas polo Departamento de Orientación e virán recollidas anualmente no *Plan xeral de atención á diversidade* Anexo ao PE.

e. Biblioteca escolar

Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

A biblioteca escolar é o centro dinamizador esencial do IES de Porto do Son. Nese sentido, impulsa e acolle moitos dos proxectos que no IES se realizan. A súa coordinación coas demais iniciativas do IES é esencial, p.e.: espazo maker, sala de convivencia e xogo, radio escolar, clubs diversos. Estará ao servizo de toda a comunidade educativa, incluídos as nais e pais do alumnado. Por todo isto, a súa financiación e a disposición de horas para os membros do equipo de biblioteca son prioritarias.

As accións e iniciativas anuais da biblioteca virán recollidas anualmente nos Anexos ao PE: Programa de Biblioteca e promoción da lectura, escritura e tratamento da información.

f. Innovación

O IES do Son foi recoñecido, e premiado, como un centro innovador en varias ocasións, de forma individual e colectiva. Na actualidade promove accións innovadoras incardinadas nas estratexias de innovación da Consellería. Algunhas das nosas accións están a ser difundidas e adaptadas noutros centros, p.e. o Plan de Tratamento Integrado de Linguas. Outras desenvólvense en colaboración coa USC, (centro universitario máis próximo), o Concello, asociacións da contorna como a Comunidade de Montes de Baroña, ou organismos públicos e privados como GALP (Grupo de acción litoral pesqueira). Así mesmo foi pioneiro no uso educativo do audiovisual, e a aprendizaxe servizo ligada ao patrimonio. Etc.

Polo tanto a estratexia educativa do IES debe seguir a privilexar este tipo de iniciativas, e tentar elevalas a un plano superior que sexa a súa incidencia real no contexto socio-cultural próximo, e a súa implicación nos proxectos europeos. O que se desprende

da experiencia é que as competencias e coñecementos que o alumnado adquire nestas iniciativas son valiosas e duradeiras.

Capítulo III: CONCRECIÓN CURRICULAR

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html

Artigo 2. Currículo

1. Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. 2. O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

1. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural da zona e ás características do alumnado

DECRETO 86/2015

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.*
- g) *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*
- h) *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*
- i) *Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.*
- l) *Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*
- m) *Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*
- n) *Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*
- ñ) *Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*
- o) *Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

BACHARELATO

Artigo 26. Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) *Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.*

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.*
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.*
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.*
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.*
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.*
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.*
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.*
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.*
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.*
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.*
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.*

2. Metodoloxía

Artigo 11. Principios metodolóxicos

4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

Os contidos son conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos da etapa educativa e á adquisición de

competencias. Clasifícanse en materias (e ámbitos) e agrúpanse en tres bloques de materias: troncais, específicas e de de libre configuración autonómica.

Os criterios de avaliación son os referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada materia; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

Os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis das diferentes materias de cada un dos cursos da Educación Secundaria Obrigatoria, serán os recollidos no [DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#), pola que se establece *o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo galego, dentro do marco de distribución de competencias da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio*. [Materias de libre configuración autonómica](#).

As programacións didácticas de cada departamento especificarán o desenvolvemento de: contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos, e competencias, en acordo aos obxectivos xerais recollidos da lexislación.

2.1. Opcións metodolóxicas

Os principios que orientarán as nosas decisións xerais sobre métodos pedagóxicos e didácticos, os cales serán adaptados e enriquecidos nas diferentes programacións didácticas, serán os seguintes:

1. Promoveremos os diferentes métodos e criterios metodolóxicos que estean probados pola experiencia e os estudos científicos. Tentamos combinar a instrución directa (sobre a que hai a maior evidencia científica de resultados, e ten beneficio sobre maior número de alumnos independentemente da súa condición) e a aprendizaxe innovadora con experiencias de éxito dunha forma aberta e pautada, como mellor xeito de fortalecer as competencias básicas do alumnado.
2. Entendemos por instrución directa aquela que vai desde o profesor ao alumno e escala os seguintes elementos:
 - a. obxectivos de aprendizaxe previamente fixados e claros

- b. presentación explícita da información, ordenada de forma lóxica e cunha secuenciación clara
- c. desagregación de cada tarefa en pequenos pasos
- d. modelado e pensamento en voz alta por parte do profesor
- e. avaliación frecuente para comprobar se o alumnado está a aprender
- f. anticipación aos erros, corrección sistemática e *feedback*
- g. listas de comprobación e modelos guía para completar as tarefas
- h. exemplos precisos e un repertorio sólido de coñecementos previos por parte do alumnado

adaptado de Marta Ferrero en

<https://situpierass.wordpress.com/2018/07/24/nuevas-pruebas-sobre-la-eficacia-de-la-instruccion-directa/>

3. Non obstante, hai habilidades e competencias educativas (iniciativa, colaboración, imaxinación, coeducación, comunicación, sociabilidade, servizo á comunidade, conciencia ecolóxica, participación cidadá,...) que son mellor atendidas desde outras perspectivas pedagóxicas, perfectamente combinables coa instrución directa. As iniciativas de innovación educativa que ensaiamos e debemos consolidar son: a resolución de problemas en equipo; a ensinanza baseada en proxectos cun produto final; as experiencias maker: aprender facendo; a aprendizaxe servizo desde unha concepción emprendedora e cooperativa. Neste sentido consolidamos os seguintes proxectos, onde se mesturan as diferentes pedagogías respondendo a estándares curriculares:
- a. Roteiros de 1º a 3º ESO nas inmediacións do IES: agrupan traballos de equipo das diferentes materias desde a motivación do espazo que se percorre.
 - i. 1º ESO: roteiro da auga: natureza
 - ii. 2º ESO: roteiro do patrimonio: historia e paisaxe
 - iii. 3º ESO: roteiro do bosque: natureza, historia, paisaxe, economía
 - b. Proxecto interdisciplinario de curso. Cada ano escollerase un tema que poida ser abordado desde diferentes perspectivas polos diferentes departamentos, que terá o seu remate e concreción final na semana cultural (abril-maio)
 - c. Iniciativas pola sostibilidade do IES, ambiental, cultural, económica.
 - d. Integración dos proxectos anteriores nas convocatorias da Consellería tipo Contratos Programa, Proxecta, etc.

4. As programacións departamentais anuais concretarán no posible as accións referidas ao punto 3 de forma esquemática, sucinta e concreta.
5. As actividades educativas propiciarán o desenvolvemento de habilidades en:
 - a. procura significativa de información por medios diversos: desde a propia investigación, os recursos bibliográficos, internet.
 - b. aplicación do coñecido en proxectos reais
 - c. transferencia e comunicación das aprendizaxes á comunidade
 - d. traballo cooperativo en equipos
 - e. traballo cotián, transversal coas ferramentas TIC
 - f. presentación formal de traballos conforme un modelo estandarizado
 - g. manexo eficiente das diferentes ferramentas e espazos dos que dispón o IES: biblioteca; aulas de usos específicos, laboratorios, salón de actos, etc; aula espazo maker; radio e medios audiovisuais; aulas de informática.
 - h. saber aproveitar os coñecementos da comunidade educativa, avós, pais, diferentes expertos...
6. Nas distintas materias desenvolveranse actividades que fomenten a motivación e o interese polo uso das matemáticas e o hábito de lectura e estudo, así como as destrezas para a correcta expresión oral e escrita.
7. As metodoloxías seleccionadas deben axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, a planificación do ensino de novas aprendizaxes terá en conta o que o alumno sabe e é capaz de facer.
8. As propostas didácticas partirán da consideración e a procura da atención á diversidade de niveis competenciais, motivacións, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, especialmente no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Para iso tomarase como referencia o Plan de Atención á Diversidade.
9. Buscarase espertar e manter a motivación, autorregulación e autonomía na aprendizaxe do alumnado:
 - a. altas expectativas sobre o alumnado
 - b. recoñecemento do esforzo
 - c. propoñer tarefas razoables, coordinadas necesarias e desafiante
 - d. procurar a utilidade da nova aprendizaxe en contextos reais
 - e. incorporar materiais, actividades e tarefas de natureza diversa
10. A acollida do alumnado que se incorpora a primeiro curso e a coordinación entre a educación secundaria obrigatoria e a educación primaria, garantirase con obxecto

de asegurar unha adecuada transición e facilitar a continuidade do seu proceso educativo.

11. A integración e o uso das tecnoloxías da información e a comunicación promoverase como recurso metodolóxico eficaz para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe.
12. O traballo en equipo do profesorado asegurarse con obxecto de proporcionar un enfoque interdisciplinario do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.
13. Organizar o tempo e o espazo de maneira flexible de acordo ás necesidades dos alumnos e alumnas e ao seu proceso de aprendizaxe.

2.2. Resposta á diversidade do alumnado

1. Garantir a plena inclusión e o éxito escolar de todos os alumnos e alumnas en contextos normalizados, a partir da detección e intervención temperá das súas necesidades educativas no momento que se presenten.
2. Crear oportunidades efectivas de acceso, aprendizaxe e participación de todo o alumnado.
3. Outorgar un sentido ético ás nosas decisións.
4. Asegurar, sempre que sexa necesario, a adecuación do currículo ás circunstancias de cada alumno e alumna a través de plans e titorías personalizadas e o carácter inclusivo das medidas adoptadas.
5. Realizar unha aposta clara pola atención temperá.

2.3. Orientación e titoría

A titoría responderá as necesidades individuais e grupais e terá en conta que:

1. O seu obxectivo principal é que alumnos e alumnas asuman responsablemente os seus deberes e dereitos.
2. Debe traballarse sistematicamente a cohesión do grupo-aula, onde se produce a socialización de cada alumno e alumna.
3. Empeza coa acollida do novo alumnado e continúa ata as transicións a outros centros, etapas ou estudos.
4. O acompañamento a cada alumno e alumna integra os ámbitos persoal, académico e de orientación profesional. Terá carácter preventivo e proactivo.
5. A tarefa titorial é esencial no proceso educativo e inherente á función docente, polo que non é exclusiva do profesorado titor.

6. A colaboración entre as familias e o centro educativo é un dos eixos principais desde onde ha de exporse a función orientadora.

2.4. Planificación lingüística do centro

- A lingua vehicular maioritaria do noso IES é o galego. É prioridade do IES coidar esta realidade en todos os ámbitos de comunicación do IES: institucional, docente, extraescolar e nas relacións co entorno. As medidas concretas veñen definidas no Proxecto Lingüístico.
- No IES impartimos docencia de/en cinco idiomas: castelán, galego, inglés, francés, iniciación ao alemán. É esencial manter esta oferta, e mesmo complementala co idioma irmán portugués.
- O obxectivo de favorecer a diversidade lingüística é acadar un uso escolar práctico e vivido dos idiomas que lles facilite o acceso á información na web e a posibilidade de comunicarse en varios idiomas.
- Nese sentido facilitaráselle ao alumnado toda a información e soporte posible para a realización de probas acreditativas externas, dentro do Marco Europeo das Linguas.
- Na medida do posible procurarase facer intercambios con alumnado doutros idiomas e promover as viaxes educativas ao estranxeiro .
- Os criterios que favorecen a coherencia metodolóxica no ensino de todas as linguas e os compromisos docentes adquiridos polos diversos departamentos de linguas veñen recollidas no Plan TIL (Tratamento integrado de linguas).

2.5. Formación e innovación

- Promover a formación do profesorado centrada na problemática da aula e na análise da práctica na aula, planificada desde as necesidades e prioridades do centro.
- Entender a formación como un estímulo para o desenvolvemento e a mellora profesional e enfocala á adquisición das competencias precisas para un profesorado do século XXI.
- Priorizar a formación do profesorado no propio centro de traballo.
- Favorecer a innovación que se centra e ten como obxectivo a mellora da práctica docente e a adaptación dos recursos e metodoloxías a un contexto socioeconómico, político e medioambiental cambiantes.

- Non descoidar a posibilidade de formación do profesorado entre iguais desde un enfoque global e interdisciplinar.
- Abrir en coordinación coa ANPA a formación ás familias e a outros membros da comunidade.

3. Competencias clave ESO

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/00_decreto_completo.pdf

Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello *“as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”*.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integrador.

Para lograr este proceso de cambio curricular cómpre favorecer unha visión interdisciplinar e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos.

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Elementos transversais

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento cooperativo, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

- Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores recollidos no punto Capítulo II deste PE.
- A programación docente debe abranguer, en todo caso, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo dos feitos históricos nos que estes se produciron.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Afianzar o espírito emprendedor e o espírito cooperativo a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico da educación e a seguridade viaria.
- En colaboración co equipo de biblioteca escolar o IES promove un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que se integran as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
- O IES mantén actualmente un dominio web *ieson.gal* a fin de acadar unha educación dixital óptima nos seus medios, actualizada e responsable. Cada alumno e profesor teñen, se así o aceptan, unha conta personalizada que lles dá acceso as aplicacións educativas *on line* de google. Do mesmo xeito, todas as potencialidades virtuais que ofrece a Consellería están activas: aula virtual moodle, abalar, abalar móbil.
- O IES promoverá a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

4. Educación en valores

- Desde o IES de Porto do Son promoverase o desenvolvemento dos principios e valores recollidos no Capítulo II deste PE, con especial insistencia na protección e educación na igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- Incorporaranse ao currículo os contidos que se consideren necesarios para chegar a ser cidadáns e cidadás de pleno dereito na sociedade actual, por exemplo:
 - Sostibilidade: formar cidadás e cidadáns conscientes da importancia e do carácter global dos problemas e preparamos para participar na toma de decisións adecuadas: consumo responsable, progresos tecno-científicos favorecedores do desenvolvemento sostible, protección da diversidade biolóxica e cultural a escala local e planetaria.
 - Coeducación e igualdade de xénero: impulsar o desenvolvemento integral das persoas á marxe dos estereotipos e roles en función do sexo, educar no rexeitamento a toda forma de discriminación e de violencia de xénero.
 - Interculturalidade: propiciar o coñecemento e o respecto á cultura propia e ás outras culturas, para aprender a convivir nun mundo global.
 - Contornas virtuais e redes sociais: entender os escenarios dixitais e virtuais como novas oportunidades para a aprendizaxe e utilízalos cunha actitude crítica. Educar na participación e no uso das redes sociais.

5. Acreditación de coñecementos previos e detección de necesidades

Cada medida de atención á diversidade que se desenvolva estará fundamentada na avaliación inicial e continua, na análise da situación contextual por parte do profesor, as decisións de equipos docentes, departamentos didácticos e de orientación e, no seu caso, na avaliación psicopedagóxica.

De maneira permanente, nas diferentes reunións de coordinación didáctica, sempre que as circunstancias o demanden e coincidindo con cada sesión de avaliación, farase o seguimento da evolución das medidas adoptadas.

Ao finalizar o curso académico, a memoria final recollerá as valoracións da aplicación das diferentes medidas e incorporará as propostas de mellora que proceda.

6. Criterios avaliación, promoción e titulación

Avaliación

1. A avaliación é un proceso planificado, sistemático, que posibilita obter información relevante, de maneira continua, sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para a súa análise e valoración, que servirá de soporte na toma de decisións. Ten dúas finalidades: formativa e acreditativa.

2. A avaliación ten un carácter formativo cando a toma de decisións está orientada á mellora do proceso de ensinanza aprendizaxe, e axuda á detección de necesidades, ao diagnóstico e á reorientación de todo o proceso.
3. O desenvolvemento de estratexias de auto-avaliación favorece a motivación do alumnado, axúdalle a sentirse protagonista da súa aprendizaxe e capacítalo para “Aprender a aprender” e para desenvolver a súa autonomía e iniciativa persoal.
4. A avaliación dos procesos de ensino, da práctica docente e análise dos resultados obtidos constitúen un impulso permanente para a mellora.
5. A utilización de estratexias e recursos variados para a avaliación é un indicador evidente que favorece a resposta á diversidade.
6. A avaliación adquire carácter acreditativo cando a toma de decisións se orienta á valoración dos resultados ao final dun proceso de ensino-aprendizaxe, final de curso, ciclo ou etapa, a partir dos criterios previamente establecidos.
7. Esta función acreditativa da avaliación, que eleva ao recoñecemento social a promoción e/ou a titulación ao final dun proceso, require comprensión das condicións e contextos de cada alumno, claridade, transparencia e obxectividade tanto na súa definición, como na súa difusión e aplicación.

Os procesos de ensino e de práctica docente avaliaranse de diferentes formas e desde diferentes ámbitos.

1. A primeira análise farase na sesión de avaliación do grupo correspondente. Nesta sesión o máis importante será comentar os feitos que tiveron como consecuencia estas notas e a procura de solucións. Tamén se emitirán informes de propostas de apoios educativos, análises por parte do Departamento de Orientación, etc.
2. O profesorado terá que avaliar nas reunións dos departamentos os resultados de cada avaliación, facendo unha análise comparativo cos resultados de avaliacións precedentes e de cursos anteriores. Nesta análise non se realizarán unicamente porcentaxes, senón que, precisamente, o útil serán os comentarios e porqués da progresión de notas, e a consecuente proposta de melloras.
3. Realizarase unha análise na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Claustro de Profesores no que Xefatura de Estudos fará un informe sobre os resultados.
4. O Consello Escolar do Centro recibirá toda a documentación elaborada, xunto co informe de resultados elaborado por Xefatura de Estudos para o seu comentario e proposta de melloras, se é posible.
5. Ao finalizar o curso académico, tanto o Claustro como o Consello Escolar elaborarán un informe recollendo as principais propostas de mellora, que serán

incluídas na memoria anual para a incorporación na Programación Xeral Anual do seguinte curso.

Promoción e titulación

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo conxunto de profesores do alumno ou alumna respectivo, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.
2. A **repetición** considerarase unha medida de carácter **excepcional** e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para liquidar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna.
3. Os alumnos e alumnas promocionarán de curso en consonancia coa normativa vixente no momento.
 - a. O alumnado que ao terminar a ESO teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
 - b. Así mesmo, obterá o título de Graduado en ESO aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
 - c. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
 - d. Para obter o título de Bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato. A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no Bacharelato, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
 - e. Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. O

centro deberá organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque

- f. Na ESO, a nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. Para estes efectos, a situación de «non presentado/a» (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria.
- g. No caso do alumnado que finalice a etapa da ESO despois de cursar un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR), o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando as ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e o alumno ou alumna superase o devandito ámbito.
- h. (Os alumnos e as alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica poderán obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que na avaliación final do ciclo formativo o equipo docente considere que teñen acadados os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.)
- i. Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas post-obratorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño.

ASPECTOS A CONSIDERAR NA ESO:

- 4. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse materias distintas.

5. Quen promociione sen superar todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.
6. O alumno ou alumna que non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá aplicárselle no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa.
7. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
8. En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.
9. Esta última medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.
10. Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere o alumno ou alumna alcanzou os obxectivos da etapa e adquiriu as competencias correspondentes.

Alumnos con materias pendentes de 1º, 2º e 3º ESO.

1. Os departamentos didácticos regularán nas súas programacións a atención a estes alumnos así como os contidos mínimos e criterios de avaliación e cualificación. Toda esta documentación colocarse nos taboleiros de anuncios do centro e na páxina web do Instituto. Cada departamento didáctico reflectirá na súa programación a planificación de actividades de recuperación do alumnado con materias pendentes tendo en conta os seguintes criterios:
 - a. O profesor da materia respectiva do curso ao que promociiona, no contexto da avaliación continua, deseñará, aplicará e fará o seguimento do plan de recuperación individualizado.
 - b. Se se trata de materias que o alumnado deixase de cursar, o departamento de coordinación didáctica correspondente determinará a súa superación en función das medidas educativas que reflecta no correspondente programa individualizado.
2. Ao comezo do curso Xefatura de Estudos comunicará ao profesorado, departamentos e titores o alumnado con materias pendentes que deberá atender.

3. Os exames finais das materias pendentes serán programados pola Xefatura de Estudos en coordinación cos Departamentos. Antes da avaliación final ordinaria de xuño e da avaliación da proba extraordinaria de cada curso, celebrarase unha sesión de avaliación dos alumnos con materias pendentes, que será coordinada por xefatura de estudos. Do resultado desta avaliación levantarase acta e os seus resultados trasladaranse a todos os documentos de avaliación. Tamén se dará conta por escrito ao alumno e aos seus pais.

ASPECTOS A CONSIDERAR NO BACHARELATO:

1. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato (catro anos), os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.
2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.
3. Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo

8. Criterios para adxudicar matrículas de honra

Marco normativo:

Instrución cuarta da Resolución do 9 xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en ESO. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, Comunidade Autónoma de Galicia. Orde do 5 de maio de 2011 (DOG 1/6/2011), en concreto o indicado no seu artigo 10. Orden ECD/334/2012, de 15 de febreiro (BOE 25/2/2012), en particular no referente ó indicado no punto 7 do seu artigo único, e mesmo no punto 6. Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013).

Protocolo de adxudicación da Matrícula de Honra:

- 1.- Os titores poderán propoñer os alumnos que cumpran os requisitos legais para a mención de matrícula de honra ao finalizar as sesións de avaliación de 4º, 2º Bach ou Ciclo Formativo.
- 2.- Os titores e profesores dos alumnos propostos para matrícula de honra decidirán ao finalizar as sesións de avaliación as mencións e a orde de concesión, segundo os criterios establecidos na normativa oficial e os recollidos nos documentos organizativos do IES.

3.- En caso de reclamación de cualificacións que afecten ao alumnado proposto para a matrícula de honra, o equipo docente reunirase novamente para estudar a adxudicación das matrículas.

Matrícula de Honra na ESO

Criterios de prioridade:

- 1º Nota media de etapa, axustada a dúas cifras decimais.
- 2º En caso de empate. Nota media de 4º ESO, axustada a dúas cifras decimais.
- 3º En caso de empate, farase unha nova nota media coas notas das tres avaliacións obtidas polos alumnos en todas as materias de 4º ESO axustada a dúas cifras decimais. No hipotético caso de non estar reflectida a nota da 3ª avaliación, tomarase como tal a da avaliación ordinaria.
- 4º En caso de empate. Número de cualificacións numéricas de 10 puntos totais.
- 5º En caso de empate. Número de cualificacións numéricas de 10 puntos totais en 1º e 2º de bacharelato.
- 6º Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que realizará anualmente a consellería a última semana do mes de febreiro. ORDE do 12 de marzo de 2013. Artigo 29.

Matrícula de Honra en Bacharelato

Criterios de prioridade:

- 1º Nota media de 2º de bacharelato, axustada a dúas cifras decimais.
- 2º En caso de empate. Nota media de 1º máis 2º de bacharelato, axustada a dúas cifras decimais.
- 3º En caso de empate, farase unha nova nota media coas notas das tres avaliacións obtidas polos alumnos en todas as materias de 2º de bacharelato. axustada a dúas cifras decimais. No hipotético caso de non estar reflectida a nota da 3ª avaliación, tomarase como tal a da avaliación ordinaria.
- 4º En caso de empate farase unha nova nota media coas notas das tres avaliacións obtidas polos alumnos en todas as materias de 1º e 2º de bacharelato, axustada a dúas cifras decimais.
- 5º En caso de empate. Número de cualificacións numéricas de 10 puntos totais en 2º de bacharelato.
- 6º En caso de empate. Número de cualificacións numéricas de 10 puntos totais en 1º e 2º de bacharelato.

7º Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que realizará anualmente a consellería a última semana do mes de febreiro. ORDE do 12 de marzo de 2013. Artigo 29.

Matrícula de honra en Ciclo Formativo.

1. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

2. Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

3. O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

4º En caso de empate, farase unha nova nota media coas notas das tres avaliacións obtidas polos alumnos en todas as materias, axustada a dúas cifras decimais. No hipotético caso de non estar reflectida a nota da 3ª avaliación, tomarase como tal a da avaliación ordinaria.

5º Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que realizará anualmente a consellería a última semana do mes de febreiro. ORDE do 12 de marzo de 2013. Artigo 29.

9. Criterios comúns para as programacións

- A programación didáctica é o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das materias e nela concretaranse os distintos elementos do currículo para o desenvolvemento da actividade docente en cada curso.
- Anualmente, ao comezo do curso escolar e de acordo coa proposta curricular, a comisión de coordinación pedagóxica establecerá os criterios para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
- O xefe de cada departamento de coordinación didáctica coordinará a elaboración das programacións das materias cuxa docencia teña asignadas.

- As programacións didácticas serán aprobadas polo claustro de profesores no marco da proposta curricular.
- Procurarase que as programacións do IES sigan un modelo similar e coherente.
- As programacións serán documentos de acceso público desde a páxina web do IES.
- A proposta curricular será avaliada de maneira continua nas reunións periódicas da comisión de coordinación pedagóxica e no referido ás programacións didácticas por cada departamento didáctico.
- Ao final de cada curso, cada departamento didáctico avaliará a súa programación.
- As conclusións das valoracións plasmaranse na memoria final de curso para ser tidas en conta no inicio do curso seguinte.
- Os indicadores de logro e aspectos que se avaliarán ou contemplarán no seu conxunto e de maneira particular para cada apartado serán os seguintes:
 - Adecuación ao IES e coherencia co resto de documentos institucionais
 - Grao de aplicación
 - Viabilidade
 - Validez e idoneidade
 - Dificultades atopadas
 - Propostas de cambio ou mellora
 - Outras consideracións

Seguindo as instrucións para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño. [Artigo 27. Programacións didácticas.](#)

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.
2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento
3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1º. Temporalización.
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Capítulo IV: CONCRECIÓNS ORGANIZATIVAS

1. Plan de convivencia
2. Normas de organización e funcionamento

Capítulo V: Xestión económica

1. Proxecto de xestión

Capítulo VI: ANEXOS

1. Proxecto lingüístico (plurilingüismo). (Artº 14 do D. 79/2010) que inclúa o “Currículo Integrado” das linguas)
2. Programa de Biblioteca e promoción da lectura, escritura e tratamento da información. (Artº 38 D.86/2015- LOMCE)
3. Proxecto de E. Dixital (Artº 39 D.86/2015- LOMCE)
4. Proxecto de promoción de estilos de vida saudables (Artº 40 D.86/2015- LOMCE)
5. Plan xeral de atención á diversidade (Artº 11, 2 do D. 229/2011) que debe incluír o Plan específico para o alumnado repetidor
6. Plan de orientación (D. 120/98)
7. Plan de acción tutorial que debe fixar os compromisos educativos entre a familia e o centro. (D. 120/98)

Dilixencias:

Esta actualización do PEC foi presentada a CCP, Claustro e membros do Consello Escolar, en diversas reunións e por medios informáticos e aprobada pola dirección do IES o día 24/04/2019

Porto do Son, a 24 de abril de 2019
O director do IES



David Pérez Iglesias

Este Proxecto Educativo foi aprobado polo consello Consello Escolar do IES de Porto do Son despois de ter sido revisado polo Claustro de Profesores, PAS, Nais e Pais e representantes do alumnado, como se recolle na acta do Consello Escolar do 10/05/2019

Porto do Son a 10/05/2019
Presidente do Consello Escolar



Asinado David Pérez Iglesias

ADDENDA, aprobada en Claustro do 18/05/2020

En función do punto 6 deste Proxecto Educativo. “Promoción e titulación”, no seu apartado 3 (que quedaría redactada así) **“Os alumnos e alumnas promocionarán de curso e titularán en consonancia coa normativa vixente no momento.”**, o IES de Porto do Son suxéitase á normativa emanada da declaración do estado de alarma decretado polo Goberno de España, «BOE» **Decreto núm. 67, de 14 de marzo de 2020**, e da **Orde ministerial FP/365/2020, de 22 de abril**, desenvolvida nas **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**. Nas cales se lle recoñece ao equipo docente a capacidade para promover de curso e titular ao alumnado sen ter *“en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes.”*

Porto do Son a 18/05/2020

O director do IES



Asinado David Pérez Iglesias